

CHAMADA PÚBLICA DE ADSCRICIÓN AO CENTRO DE INVESTIGACIÓN INTERUNIVERSITARIO ECOBAS (*Economics and Business Administration for Society*)


PREÁMBULO

O **Centro de Investigación Interuniversitario ECOBAS** dá continuidade á Agrupación Estratéxica do mesmo nome creada no ano 2015 ao amparo da *Orde do 26 de xuño de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a creación, recoñecemento e estruturación de agrupacións estratéxicas do Sistema universitario de Galicia e procédese á súa convocatoria para o exercicio 2015*, da Xunta de Galicia.

ECOBAS é o único centro de investigación interuniversitario de Galicia no ámbito da economía e a empresa, e a súa misión é converterse nunha unidade de excelencia vertebradora da I+D+i no campo das ciencias sociais a través do desenvolvemento dunha axenda científica capaz de dar resposta aos grandes retos e desafíos da sociedade na súa dimensión económica, social e ambiental.

A política de incorporación á entidade baséase nun sistema de **adscrición individual** co obxectivo de abrir as portas a aqueles investigadores e investigadoras, de calquera ámbito científico, que desenvolvan liñas de traballo compatibles coa axenda científica do Centro e que desexen integrarse nel.

O obxectivo de ECOBAS é contribuír, a través da investigación, a docencia e a innovación, á promoción de economías dinámicas, sostibles, innovadoras e centradas nas persoas. Nesta liña, a **Axenda Científica de ECOBAS**, que asume plenamente un compromiso coa **Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible** e cos **obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS)**, artículase ao redor de tres piares fundamentais: **o ambiental**, como medio de soporte de todas as nosas actividades e no que se producen impactos a gran escala; **o social ou político**, como marco de acción e interacción dos axentes público-privados; e **o económico**, onde se analizan os impactos das devanditas interrelacións desde a perspectiva das transaccións económicas, externalidades, impactos de políticas públicas e distribución de recursos. Os temas para tratar na nosa axenda concéntranse en 12 prioridades de investigación que se relacionan entre se e inciden nos piares básicos xa mencionados, a través dunha investigación responsable baseada no capital social e a sustentabilidade, e apoiada na teoría económica máis actualizada e co mellor tratamento econométrico dos datos (“micro, macro, metrics”).



CANDIDATOS ELIXIBLES E PROCESO DE ADSCRICIÓN

Tras a reunión constitutiva do Consello Reitor de ECOBAS, ponse en marcha o **primeiro proceso de vinculación de persoal investigador das universidades participantes** en ECOBAS, de acordo co artigo 16 do Regulamento Interno do Centro, que se pode consultar [nesta ligazón](#), segundo o cal a vinculación dun investigador ou investigadora a ECOBAS realizárase sobre criterios de méritos de investigación, e a adecuación do currículo e o proxecto investigador da persoa candidata á Axenda Científica do Centro.

Este proceso de vinculación diríxese a profesorado dos corpos docentes universitarios, profesorado contratado doutor, profesorado axudante doutor, profesorado emérito, persoal investigador posdoutoral contratado a cargo de convocatorias de recursos humanos competitivas (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva formación e incorporación, Beatriz Galindo, Marie Curie, Posdoutoral Xunta, etc.), persoal investigador distinguido e outras figuras equivalentes.

Os **criterios a ter en conta para a valoración das persoas candidatas** pódense consultar no Anexo 1.

A vinculación do persoal a ECOBAS terá unha duración de **4 anos, prorrogables** por períodos de igual duración, previa avaliación favorable da actividade de investigación, transferencia e formación que o Comité Científico Asesor Externo realice.

A vinculación do persoal investigador a ECOBAS **non suporá a perda da súa relación coa universidade de orixe**. A súa dedicación estenderase, como regra xeral, á totalidade da súa dedicación investigadora e de transferencia. Excepcionalmente poderá admitirse a dedicación parcial para aquel persoal vinculado a algún outro centro da Rede de Centros de Investigación do SUG.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A data límite para a presentación de solicitudes é o 30 de xaneiro de 2022 ás 14.00 horas CET. As persoas solicitantes deberán cumprimentar [este formulario](#) en liña de expresión de interese (no Anexo 2 pódense consultar os apartados que inclúe) e enviar por correo electrónico a ecobas@ecobas.gal, co asunto 'Solicitud de vinculación a ECOBAS', a seguinte documentación:

- **Currículum vitae en inglés, preferentemente en formato [CVN](#) ou [Europass](#)**, referido ó período **2010-2021**.
- **Memoria científica en inglés**, cunha extensión máxima de 2 páxinas, na que se indiquen os intereses científicos, os logros máis importantes acadados (en investigación, transferencia e formación), e as posibles achegas a ECOBAS en relación á Axenda Científica.

PROCESO DE AVALIACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes recibidas serán revisadas inicialmente pola Unidade de Xestión e a Dirección de ECOBAS. De acordo co artigo 16 do Regulamento Interno do centro, aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos formais de presentación, mencionados no anterior apartado, serán remitidas a un Panel Avaliador, externo e independente do Centro que, baseándose nos criterios que se recollen no Anexo 1, realizará unha valoración de cada unha delas. Unha vez realizadas as valoracións, o devandito panel remitirá un informe á Dirección de ECOBAS, indicando cales das solicitudes cumpren coas calidades mínimas de excelencia esixidas para formar parte do Centro. Esta valoración aplicará criterios OTMR (*Open, Transparent and Merit-based Recruitment of Researchers*) e terá en conta a etapa da carreira investigadora na que se atope cada solicitante.

Aqueles investigadores e investigadoras que, tras esta avaliación, sexan propostos para incorporarse ao Centro deberán completar o seu proceso de adscrición mediante a firma dun documento de aceptación da normativa propia do Centro de Investigación Interuniversitario ECOBAS, que lles será facilitado no momento en que se lles comunique a súa aceptación. Esta normativa, que en ningún caso entrará en conflito coa normativa propia da universidade á que pertenza cada membro adscrito/a, implicará, de forma xeral, o compromiso e aceptación das normas específicas de funcionamento e organización interna do Centro referidas a cuestións como a filiación científica, a solicitude de proxectos de investigación a través do Centro, a utilización dos elementos de identidade da organización, a avaliación periódica da actividade realizada para a renovación da adscrición, e/ ou a solicitude de axudas en convocatorias internas, entre outras.

CALENDARIO PROPOSTO PARA O PROCESO

Data límite	Acción
-------------	--------

15/12/2021	Publicación da convocatoria de vinculación por parte das tres universidades
30/01/2022	Límite para presentación de solicitudes
01/02/2022	Envío de solicitudes admitidas ó Panel Avaliador
20/02/2022	Data límite para recepción das avaliacións por parte del Panel Avaliador
28/02/2022	Presentación ó Consello Reitor da proposta de vinculación

ANEXO 1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR PARTE DO PANEL AVALIADOR

Parte 1: Avaliación do currículo. De 0 a 60 puntos

A avaliación terá en conta a etapa da carreira investigadora na que se atope a persoa solicitante (inicio da carreira ou traxectoria consolidada), e estará baseada nos seguintes méritos:

- **PRODUCCIÓN CIENTÍFICA:** Número e calidade das publicacións; participación e dirección de proxectos en convocatorias competitivas de I+D rexionais, nacionais e internacionais e fondos conseguidos nos mesmos; citas e impacto normalizado; sexenios de investigación; outros méritos relacionados directamente coa investigación.
- **INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA:** Participación e dirección de contratos e convenios de I+D+i non competitivos e fondos conseguidos nos mesmos; participación e posta en marcha de plataformas e redes de innovación; creación de Spin- off; participación en Comités ou grupos de traballo de administracións rexionais, nacionais ou internacionais; sexenios de transferencia; outros méritos relacionados directamente con innovación e transferencia.
- **FORMACIÓN:** Dirección de teses doutorais; dirección de traballos fin de mestrado; participación e coordinación de programas de posgrao; organización de cursos especializados; outros méritos relacionados directamente coa formación.
- **OUTROS MÉRITOS:** Premios e mencións recibidas; participación en comités editoriais; realización de estancias de investigación; organización de actividades de divulgación e difusión científica; outros méritos relevantes relacionados coa actividade e os obxectivos de ECOBAS.

Parte 2. Adecuación a ECOBAS, de acordo coa memoria presentada. De 0 a 40 puntos.

- Aliñamento coa Axencia Científica do Centro
- Participación en proxectos de especial relevancia
- Liñas de investigación de especial transcendencia
- Potencial de interacción con outras disciplinas e ámbitos do sistema galego de I+D+i
- Relacións con outros centros de investigación ou entidades de importancia estratéxica

ANEXO 2. FORMULARIO DE EXPRESIÓN DE INTERESE

Deberá cumprimentarse en liña, a través [deste formulario](#)

DATOS PERSONAIS E PROFESIONAIS	
Apelidos	
Nome	
Código ORCID	
Identificador Scopus	
Identificador Researcher ID	
Perfil Google Scholar	
Páxina web personal	
Nº de identidade (NIF/NIE/Pasaporte)	
Universidade á que pertence	
Departamento	
Área de coñecemento	
Posto ocupado actualmente	

TRAXECTORIA INVESTIGADORA	
Sexenios de investigación (indicar anos)	
Sexenios de transferencia (indicar anos)	
¿Ten sido ou é IP de proxectos de investigación financiados en convocatorias competitivas internacionais nos últimos 5 anos?	
¿Ten formado parte do equipo de traballo de proxectos de investigación financiados en convocatorias competitivas internacionais nos últimos 5 anos?	
¿Ten sido ou é IP de proxectos de investigación financiados en convocatorias competitivas nacionais nos últimos 5 anos?	
¿Ten formado parte do equipo de traballo de proxectos de investigación financiados en convocatorias competitivas nacionais nos últimos 5 anos?	
¿Ten sido ou é IP de actividades de transferencia do coñecemento nos últimos 5 anos?	
¿Ten pertencido á Agrupación Estratéxica ECOBAS?	
¿Pertence a algún outro centro da Rede de Centros de Investigación do SUG?	

TIPO DE VINCULACIÓN SOLICITADA	
Total	
Parcial (indicar os motivos)	